

Resolución do 25 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a listaxe provisional de centros beneficiarios para participar no programa “EduExchanges” de intercambio de alumnado con centros educativos doutros países da Unión Europea durante o curso 2018/2019.

De conformidade co apartado noveno da Resolución do 14 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa “EduExchanges” de intercambio de alumnado con centros educativos doutros países da Unión Europea durante o curso 2018/2019, esta Dirección Xeral

RESOLVE

Primeiro- Publicar no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal> a listaxe provisional -que figura no Anexo I desta Resolución- de centros admitidos e excluídos participantes no programa *EduExchanges* de intercambio de alumnado para o curso 2018/2019.

Segundo- Abrirase un prazo de cinco días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación, para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.

Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2019

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

